

CONTO INTERACTIVO



O MEU PASO POUO  
**QUILIP OFANO**

**MA PILAR PORTA RODRÍGUEZ**

*Mestra de Educación Especial e Psicopedagoga*

**ESTHER MORENO LÓPEZ**

*Facultativo Especialista Anestesioloxía e Reanimación*

**IVÁN FERNÁNDEZ QUILLÁN**

*Licenciado en Belas Artes, Conservador de Bens Culturáis e Graduado en Maxisterio*

ISBN

Nº REXISTRO

LOGOTIPOS

# ÍNDICE

---

- NOTAS ÁS FAMILIAS
- DATOS DO DOENTE
- LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA
- ANDAR PEDIÁTRICO
- QUIRÓFANO
- PREPARATIVOS
- A OPERACIÓN
- IDENTIFICACIÓN E EMOCIÓNS
- O ESPERTAR
- DESPEDIDA
- GLOSARIO





## NOTAS PARA FAMILIAS

- Este libriño foi pensado para axudar e darvos a coñecer o día da cirurxía.
- Prepararvos a vós mesmos para a cirurxía do voso fillo ou filla.
- Facervos conscientes da importancia do voso saber ser e estar ante esa nova situación.
- Axudarvos a facer o voso acompañamento o máis tranquilo e confiado posible.

As crianzas ante unha operación poderán ter un balbordo de sentimentos.

Iso adoita crear inquedanza entre os proxenitores.

Verbas claras, honestas e sinceras facilitarán as conversas cos vosos fillos e fillas.

Por medio deste caderno pretendemos facilitalo.



# NOTAS PARA OS MENOS

NOME:

APELIDOS:

IDADE:

Nº HABITACIÓN:

NHC



NOME DO HOSPITAL  
DE

No mundo mundial atópase o planeta **Terra**.  
O noso planeta é coma un crebacabezas formado  
por seis continentes de auga e terra.

O “vello continente” chámase **Europa** e alí estamos  
nós, en España. No seu recanto noroeste está  
**Galicia**, pero...adiviña, adiviñanza:

- Onde está o teu hospital?
- Sabes cal é o seu nome?
- Busca na Sopa de Letras o nome dos  
7 hospitais galegos.

**CHUF** Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol

**CHUAC** \_\_\_\_\_

**CHUVI** \_\_\_\_\_


**CHUO** \_\_\_\_\_

**CHOP** \_\_\_\_\_

**CHUVI** \_\_\_\_\_

**HULA** \_\_\_\_\_





No teu corpo hai unha peza que polo motivo que sexa non esta a funcionar todo o ben que debera. A solución para arranxala é unha **operación**.

Para operar a unha persoa, sexa grande ou pequena, é preciso ir ao **hospital** e pasar alí un ou máis días.

Alí un equipo de persoas van a explicarche a ti e a **túa familia** todo o que precisades e responderán ás vosas preguntas.







*Busca pistas nas páxinas  
finais e completa este  
debuxo.*

Cando chegue o momento da operación, levarante a unha habitación ultralimpa e superdesinfectada: o **quirófano**.

**CIRURXIÁN:** Revisa e arranxa todas as partes do corpo humano coma se fose un robot.

**ANESTESISTA:** Co seu soro máxico, a anestesia, poñen a dose adecuada a cada neno soprando por un globo ata enchelo.

**ENFERMEIRO:** Axuda aos pacientes, ao persoal médico e prepara e desinfecta todo o instrumental.

**AUXILIAR:** Sempre están para axudar coas tarefas de quen o precise, enfermaría ou persoal médico.

**CELADOR:** Traslada aos pacientes dende a habitación ata o quirófano.



Bota unha ollada no **glosario** final e a ver se es quen de dar a cada profesional o seu aparello de traballo.



O día da **operación**:



...non poderás  
comer nin beber...

...diraslle “ata logo” a os teus pais...






*...pegarás no corpo  
os **electodos**...*



*...e ca **anestesia**, durmirás  
e non che doerá nada...*




CON QUE QUERES SOÑAR?



Completa esta **simetría**.

Despois de observar ben o teu corpo... saberías **localizar** no debuxo de que te operaron?.






Todo aconteceu xa, pero, e ti:

- Que **pensas?**
- Que **sintes?**

Exprésao  
como queiras





*Cando espertes dese sono máximo a túa familia estará alí  
esperándote co seu mellor sorriso.*

*E logo levarante de novo á túa habitación no andar de **pediatría**.*



Agora que xa fixeron a túa operación verás  
que o paso polo quirófano  
non é para tanto.

Es moi **valente!**





# PROFESIONAIS DO HOSPITAL:



## Anestesista:

Co seu soro máximo, a anestesia, poñen a dose adecuada a cada neno soprando por un globo ata enchelo.



## Auxiliares de enfermaría:

Axudan aos pacientes, ao persoal médico e preparan e desinfectan todo o instrumental.



## Cardiólogo:

É quen coida do teu corazón.



## Celador:

Traslada aos pacientes dende a habitación ata o quirófano.



## Cirurgián:

Revisa e arranxa todas as partes do corpo humano coma se fose un robot.



## Cociñeiro:

É quen prepara toda a comida que tomarás no hospital.



## Costureiro:

O que se encarga de arranxar e identificar a roupa.



### **Enfermeira:**

É a que se encarga de coidar de ti cando estás na habitación, darche as medicinas e axudarche.



### **Otorrinolaringólogo:**

É o doutor ou doutora que se encarga de curaros teus oídos, garganta e nariz.



### **Mestra:**

Apréndelles a os nenos e nenas ingresados cousas importantes sobre a súa doenza e da continuidade ao seu proceso de escolarización.



### **Pediatra:**

O médico ou médica que se encarga de curar aos rapaces.



### **Neumóloga:**

É quen se encarga de tratar os teus pulmóns.



### **Planchador:**

Prancha a roupa que se utiliza no hospital.



### **Neurólogo:**


É quen sanda o teu cerebro e sistema nervioso.



### **Secretario:**

Persoa que se encarga das tarefas administrativas.

# APARELLOS DO HOSPITAL:



## **Bandexa:**

Elemento que utiliza normalmente a enfermeira e que contén aparellos (pinzas,tesoiras) que adoitan empregarse durante a operación.



## **Padiola:**

Elemento que serven para transportar deitado ao paciente dentro do hospital.




## **Cadeira de rodas:**

Elemento que serven para transportar sentado ao paciente dentro do hospital.




## **Gorro:**

Peza que habitualmente se pon no quirófano, e serve para cubrir o pelo.



## **Mascariña:**

Peza que habitualmente se pon no quirófano,que tapa o nariz e a boca e evita que pasen microbios.



## **Mascariña de anestesia:**

Máscara especial que se pon no nariz e na boca e pola que hai que coller aire forte e soprar para quedar durmido (ás veces a máscara pode botar un aire que cheira un pouco mal,pero se sopras forte,irase rápido e quedarás durmido).



## **Zocos:**


Peza que habitualmente se pon no quirófano,e serve para cubrir os pés.





### **Fonendoscopio:**

Aparello que serve para escoitar diferentes partes de corpo (corazón,pulmóns,...).




### **Electrodos:**

Adhesivos que se poñen no peito e mostran o latexado do teu corazón.



### **Manguíño de tensión:**

Brazalete que infla para saber como vai de rápido o sangue polo teu corpo.




### **Pulsioxímetro:**

Pinza que se pon nun dedo da man ou do pe,e que mide como funcionan os teus pulmóns.




### **Otoscopio:**

Instrumento que se utiliza para poder ver o oído por dentro.



### **Bisturí:**

Un dos instrumentos que usa o cirurxián durante a operación.



### **Vía:**

Tubiño de plástico polo que se pon medicación (como a da anestesia) ou soros.Para poderche poñer este tubiño téñenche que dar una picada na man ou no brazo. Doe un pouco ao poñela, ás veces soprar axuda a que moleste menos. Nalgúns hospitais hai unha crema fantástica que se pon antes e axuda a que doia menos.





# IVÁN FERNÁNDEZ

ILUSTRADOR

*“Empregar a arte coma un camiño de expresión emocional e de humanización da experiencia hospitalaria”*



# PILAR PORTA

MESTRA DA AULA HOSPITALARIA. CHUF

*“Dotar ao alumnado hospitalizado dunha ferramenta innovadora, creativa e didáctica que a través do coñecemento e xestión das emocións axude no proceso de hospitalización”*

# Dra. ESTHER MORENO

MÉDICO ANESTESISTA. CHUF

*“Acadar que os rapaces vaian ao quirófano mais tranquilos e xerar neles unha boa lembranza e un sorriso”*

